

LIÑAS DE TRABALLO DO PLAN ESTRATÉXICO DO COMERCIO COMPOSTELÁN

1. **Plan de mellora dos comercios en activo:** conta cun orzamento de 50.000 euros. O camiño cara a mellora dos establecementos comerciais parte dunha avaliación interna de todos os ámbitos que engloba a actividade comercial e que non deben reducirse unicamente á implantación de sistemas que garantan a calidade do servizo prestado á clientela. A importancia da mellora e a innovación ponse de manifesto nun mercado en que, a práctica totalidade dos produtos atópanse en todos os establecementos. En base a isto, concibido coma un plan integral de mellora e innovación no pequeno comercio, ofrecerase un servizo personalizado aos establecementos comerciais que desexen participar no programa, a través de *cheques de consultaría*. Estes cheques conemplan a realización dunha diagnose e a elaboración dun informe no que se describan as áreas de mellora e as medidas a desenvolver. O seguinte paso é o asesoramento para a solicitude de subvencións a través de outros organismos ou da propia Concellaría de Promoción Económica, que establecerá unha liña propia de axudas. Será a través dunha convocatoria, dotada con nove premios en metálico divididos en tres categorías:
 - ✍ *Sistemas de xestión de stocks e planificación de custes:* con tres premios de 5.000, 2.500 e 1.000 euros.
 - ✍ *Análise da oferta individualizada: que vender e a que prezo:* 3 premios de 5.000, 2.500 e 1.000 euros.
 - ✍ *Reforma para a rotulación, iluminación e decoración ou remodelación de interiores:* 3 premios de 5.000, 2.500 e 1.000 euros.
2. **Plan de promoción e dinamización:** conta cun orzamento de 112.000 euros. As accións de promoción e difusión da oferta comercial considéranse esenciais para a dinamización do sector, para o incremento da súa competitividade, e para dar resposta ás necesidades, esixencias e demandas das persoas consumidoras. Neste contexto, o Plan Estratégico do Comercio Compostelán contempla:
 - a) *Concurso de Escaparatismo SCQ Shopping*, que a Concellaría de Promoción Económica e Comercio ven desenvolvendo dende hai seis anos. Dirixido a todos os establecementos comerciais da cidade, consta de catro edicións: Primavera, Verán, Outono e Nadal.
 - b) *Promocións comerciais de venda polo miúdo:* contempla a edición de catálogos promocionais, como o do programa *Regalar custa pouco*, que permitirán amosar o mellor produto de Compostela aos mellores prezos.
3. **Observatorio comercial.** Conta cun orzamento de 25.000 euros. No ano 2004 a Concellaría de Promoción Económica e Comercio elaborou unha completa diagnose do sector comercial que permitiu deseñar o Plan de Excelencia do Comercio de Compostela. Os datos desta diagnose fóronse actualizando con enquisas como a realizada no marco do Plan de Asesoramento ao Comercio. Agora, cunha conxuntura económica distinta, faise necesario dispor dunha nova e completa información para o deseño de futuras actividades dirixidas ao sector, e para ofrecer aos membros do sector comercial (asociacións, comercios particulares, administracións de distintos niveis que operan neste ámbito) datos útiles na súa toma de decisións. O PECC contempla realizar o estudo:

a) *Hábitos de consumo no Concello de Santiago.* A finalidade do estudo é coñecer a evolución e tendencias nas pautas de consumo da clientela do comercio de Compostela. Isto permitirá, tanto ao comercio xa implantado na cidade como aos potenciais establecementos, unha mellor orientación da súa oferta cara o público da cidade.